



# PLAN DIXITAL

## IES de Catabois

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

#### Nome

A denominación oficial do centro é *Instituto de Ensino Secundario de Catabois*. Tras a implantación da Educación Secundaria Obrigatoria o centro cambiou de denominación, pasando de *Colexio Nacional de EXB* a *IES Eugenio López y López* no ano 1996. Posteriormente, no curso 2003, pasou a denominarse *IES DE CATABOIS*, a petición do Consello Escolar, nome actual do centro.

O 14 de xullo de 2021 foi publicado o *DECRETO 107/2021, do 1 de xullo, polo que se transforman institutos de educación secundaria en centros integrados de formación profesional e se trasladan ensinanzas*, en virtude do cal as ensinanzas de bacharelato do Instituto de Educación Secundaria Leixa de Ferrol (15021469) se trasladan ao Instituto de Educación Secundaria de Catabois de Ferrol (15006687).

A dirección do centro é Estrada de Catabois ,560.15406 Ferrol

O e-mail: [ies.catabois@edu.xunta.gal](mailto:ies.catabois@edu.xunta.gal)

Páxuna web do centro: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iescatabois/>

#### Titularidade e financiamento

É un centro de titularidade pública dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e financiado, de xeito case exclusivo pola mesma.

Ademais recibe tamén achegas do Fondo Social Europeo para o funcionamento de determinandos programas (PMAR, ARCO, PROA+) e da Consellaría de Emprego e Igualdade para o desenvolvemento dos Programas Formativos Básicos.

Outro financiamento suplementario vén, en ocasións, a través de convenios con algunha entidade á que se lle oferta o uso de espazos do centro.

## Oferta educativa

O centro imparte as seguintes ensinanzas:

- Educación Secundaria Obrigatoria
- Bacharelato, ofertando as modalidades:
  - Ciencias e Tecnoloxía
  - Humanidades e Ciencias Sociais
- Programas Formativos Básicos (froito dun acordo entre as Consellarías de Educación e de Emprego), cos perfís de:
  - Comercio
  - Industrias Alimentarias

Tamén se desenvolven Programas de Diversificación Curricular (PDC) en 3º e 4º ESO como unha medida extraordinaria para a atención á diversidade.

## Réxime de permanencia e horario

O ensino impártese en réxime de xornada continua.

O horario é o seguinte:

- 8:40 a 14:25 luns, mércores e venres
- 8:40 a 15:05 martes e xoves.

En todas as xornadas hai dous tempos de lecer intermedios, nos que se ofrecen múltiples actividades ao alumnado.

## Centros adscritos

Os centros adscritos ao IES de Catabois son o *CEIP San Xoan de Filgueira*, o *CEIP de Pazos* e o *CEIP Almirante Juan de Lángara*. O alumnado destes centros, ao pasar ao ensino secundario, ten garantizada a praza neste instituto, sempre que formalice a súa

reserva no prazo establecido pola normativa relativa ao procedemento de admisión de alumnado. O CPI Atios (adscripción compartida co IES Trasancos de Narón).

## Actividades complementarias e extraescolares

No centro, ao longo do ano, desenvólvense diferentes proxectos e realízanse variadas actividades culturais e deportivas, entre as que se poden destacar:

- Proxectos de convivencia, igualdade e inclusión
- Proxectos de fomento do uso do galego
- Programa de internacionalización (intercambios escolares con outros centros da Comunidade Europea, mediante programas como Edu-exchanges, E-twinning ou Erasmus+)
- Saídas regulares para asistir a exposicións, concertos e representacións teatrais, visitar museos ou empresas
- Torneos deportivos
- Encontros con escritores/as
- Feira do libro solidaria
- Concursos didácticos e literarios
- Clubes de lectura xuvenís e de adultos
- Club de Manga
- Club de Robótica (con participación na First Lego League)
- Club de Upcycling (reciclaxe artística)
- Radio escolar
- Revista escolar “*Lembranzas*” que se vén editando dende o curso 2003/2004.

## Persoal

Un total de 28 profesores/as conforman o persoal dos diferentes departamentos didácticos ao que se engaden unha orientadora, un docente de Relixión, unha profesora de pedagogía terapéutica e unha docente UACO (Unidade de Acompañamento e Orientación Familiar) pertencente á rede RAOGAL.

Ademais, anualmente, adoitamos contar con docentes de apoio a través do programa ARCO e PROA+ e con auxiliares de conversa en inglés e francés.

Aparte do persoal docente, desempeñan as súas tarefas cinco persoas de administración e servizos, entre persoal administrativo, subalterno e de limpeza.

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

### Ubicación e contorna

O IES de CATABOIS atópase situado no Concello de Ferrol, dando a súa fronte á Estrada de Catabois en dirección Valdoviño (AC-646), á altura do número 560. Polas súas características xeográficas e sociais, pode incluírse na categoría de “centro de carácter periférico mixto”, é dicir, está situado ás aforas da cidade próximo á zona rural circundante.

O alumnado procede da zona dos ensanches da cidade, das parroquias rurais do municipio e dos barrios periféricos. O centro responde a unha contorna socioeconómica e cultural fundamentalmente medio-baixa na que predominan familias con estudos primarios e pertencentes ao medio semirural.

Atendendo á profesión das familias, predominan os dedicados a profesións do ámbito manual-asalariado, abundan menos os funcionarios e só unha pequena cantidade se corresponde con profesións liberais.

O centro mantén relacións tanto cos centros educativos adscritos como coas asociacións da contorna, organizando e/ou participando en actividades como a Feira do libro solidario ou polo Samaín (Quilómetro do terror).

## Infraestruturas

O centro escolar consta de tres edificios claramente diferenciados:

- Un primeiro edificio no que se atopan as dependencias de, Administración, Secretaría, Dirección, Sala de reunións/PFB e unha aula de usos múltiples, Orientación e ANPA. Este edificio está situado na parte dereita-superior da parcela mirando de fronte á mesma.
- Un segundo edificio onde se atopan o aulario (aulas cunha superficie media de 52 m<sup>2</sup>) e outras dependencias como conserxaría, sala de profesorado, biblioteca, dúas aulas de informática, aulas específicas de Tecnoloxía, Música e Plástica, laboratorio de ciencias, laboratorio de idiomas, aula de robótica, espazo de cafetería, sala de usos múltiples, cuartos do persoal de limpeza, departamentos didácticos e despacho de Vicedirección e Xefatura de Estudos. O devandito edificio está situado na parte central-superior da parcela mirando de fronte á mesma.
- Un pavillón polideportivo: edificio construído con posterioridade aos dous principais que se atopa situado xusto catro metros por detrás do edificio de Administración.
- Existe ademais, na parte traseira, unha zona de patio cuberto, actualmente en proceso de renovación para a súa adecuación á nova arquitectura pedagóxica.
- No resto da parcela están situadas dúas pistas polideportivas. Entre elas existe un pequeno desnivel duns dous metros.

As infraestruturas mantéñense nun bo estado de conservación, que se verá mellorado no curso 2022-2023 no que se acometerán importantes obras de eficiencia enerxética e accesibilidade, así como de ampliación da biblioteca escolar. Tamén será rehabilitado o patio cuberto.

Polo momento, o centro conta con ramplas de acceso para persoas con discapacidade e cun ascensor para acceder ao primeiro andar.

## **Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo**

O profesorado do IES de Catabois está firmemente comprometido coa actualización de contidos e coa innovación educativa. As memorias anuais de centro (a disposición da comunidade educativa en Administración) dan boa conta desta formación continua.

Participábase todos os anos en programas de innovación educativa a través dos Contratos-Programa.

Desenvólvese anualmente un Plan de Formación Permanente do Profesorado entorno a diferentes liñas, segundo as necesidades formativas que se detecten en relación ás novas metodoloxías didácticas, á utilización de recursos innovadores ou ao desenvolvemento de programas educativos específicos.

Ademais deste Plan de Formación anual, os/as docentes participan activamente en múltiples actividades de formación organizadas ben polas administracións públicas a través do Centro de Formación e Recursos, do Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI) e do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte; ben por outras institucións.

### **Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 23/24.**

O propósito do noso Centro Educativo é que os estudantes aprendan e se formen como individuos da sociedade na que viven. En consecuencia, a propia organización mellora a través da súa práctica e reflexión sobre ela, así como as relacións que establece co seu contorno.

O Plan Dixital do Centro debe encaixar no contexto institucional máis amplo no que se inclúe outros documentos institucionais, como o Proxecto Educativo do Centro e ambos documentos deberán estar en total consonancia e ser complementarios.

#### **1.3. Breve xustificación do mesmo**

Contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro:



- 1) Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- 2) Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- 3) Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022
- 4) Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

#### 1.4. Proceso de elaboración

No IES de Catabois constituírase un equipo para liderar a implantación deste plan dixital formado por:

- Unha comisión TIC integrada por 3 membros e un coordinador.

As súas funcións serán, polo menos, as seguintes:

1. Propoñer ideas, estimular e coordinar as propostas que se presenten ao equipo directivo no elaboración do Plan de Integración TIC de forma que contribúa ao desenvolvemento de competencias clave e implica efectivamente ao resto do profesorado no proceso.
2. Difundir o plan TIC.
3. Informar ao profesorado sobre novas ferramentas, produtos e sistemas relacionados coas TIC dispoñibles para a Educación e difunde o seu uso na aula.
4. Orientar e apoiar ao profesorado na integración das TIC para o desenvolvemento de competencia dixital, utilizando novas estratexias metodolóxicas que contemplan a uso delas, especialmente a través especialmente a través do Plan de Formación do centro educativo.
6. Actuar como elemento dinamizador e coordinar no centro educativo tantas iniciativas e proxectos que xorden entre profesorado e alumnado, relacionados coas TIC.

7. Coordinar a dinamización do uso de ferramentas e servizos web (aulas virtuais, blogs, redes sociais, wiki, multimedia, etc.).
8. Realizar e coordinar outras tarefas relacionadas co uso das TIC como recurso didáctico propostas do equipo directivo.
9. Coñecer as relacións entre a Competencia Dixital, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato e aplica as estratexias metodolóxicas necesarias para a integración curricular das TIC.
10. Promover o uso da tecnoloxía para mellorar a comunicación entre os membros de a comunidade educativa.
11. Participar en actividades formativas relacionadas coas TIC.
12. Participar en proxectos de innovación educativa coas TIC.
13. Coñecer os diferentes riscos asociados ao uso das tecnoloxías e os riscos e ameazas na Rede e aplica medidas de protección e seguridade.

Así mesmo, en canto á organización das infraestruturas e recursos dispoñibles:

1. Realizar un inventario dos recursos tecnolóxicos e informáticos dispoñibles se non os houberse (ordenadores, periféricos, canóns de proxección, encerados dixitais, redes de comunicación, software...)
2. Establecer o réxime de utilización dos espazos e recursos tecnolóxicos e informáticos do centro (normas de uso, planificación de horarios, préstamos materiais).
3. Establecer os contactos ou procedementos necesarios para a adquisición de novos materiais ou recursos informáticos, así como a incorporación das novas tecnoloxías.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O IES de Catabois dispón nos seus dous edificios de diversos recursos dixitais a disposición dos membros do equipo directivo, profesorado e alumnado.

- Aulas de informática e informática no centro

Hai dúas aulas de infomática dispoñibles cun total de 15 ordenadores por aula.

Nos Departamentos hai unha serie de ordenadores .

En cada aula tamén hai un dispositivo para o profesorado e os profesores quéixanse da lentitude dalgúns ordenadores.

Na biblioteca hai catro Pcs para uso dos alumnos e un ordenador para o profesorado.

Na sala do profesorado dispoñemos de 6 Pcs.

Dispoñemos de 14 portátiles no Laboratorio de idiomas.

Os sistemas de son, altosfalantes e pantallas actualizaronse hai un ano.

- Software

Todos os ordenadores están conectados en rede, coa suite ofimática .

- Proxectores

Todas as aulas están equipadas con proxectores.

- Aula de Robótica

Durante o curso 2018-2019 inaugurouse unha aula de robótica con 4 robots Lego e 6 robots M-Block.

- Cámaras web:

O centro ten catro cámaras web.

- Conexión wifi

Hai unha conexión Wi-Fi dispoñible, con varios puntos de conexión no centro.

- Plan Edixgal

Toda secundaria dispón de ordenadores ,en bacharelato e nos Programas formativos empregamos Aula Virtual , o centro tamén dispón de páxina web.

- Pizarras dixitáis

Non dispoñemos de pizarras dixitáis nas aulas específicas como plastica ,tecnoloxía e laboratorio de ciencias.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para realizar esta análise empregamos a ferramenta SELFIE [autoreflexión], a ferramenta en liña gratuíta que ten como obxectivo axudar ás escolas a considerar como usan tecnoloxías dixitais para lograr unha aprendizaxe eficaz e innovadora.

Baseado no marco da Comisión Europea para organizacións educativas competentes dixitalmente [Dig-compOrg] SELFIE axudounos a destacar o que funciona ben, onde hai que mellorar e cales deben ser as prioridades do noso Centro, con esta ferramenta obtivemos unha instantánea do estado no que se atopa o Centro en relación co uso


das tecnoloxías dixitais tendo en conta as opinións do profesorado, do alumnado e do equipo directivo.

## Participación nos tres niveis do centro:


### Secundaria



### Bacharelato




### Programas formativos básicos



## Resultados por áreas :

### Secundaria



## Bacharelato:



## Programas formativos básicos:



**Test CDD:** Incluímos a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro. Tamén é interesante reflectir o recollido na táboa 1.3. en relación co perfil do profesorado participante no TestCDD.

Participación segundo perfil do profesorado:

|                    | N.º profesorado que participa | N.º profesorado total | % participación |
|--------------------|-------------------------------|-----------------------|-----------------|
| <b>DEFINITIVO</b>  | 15                            | 19                    | 78,9%           |
| <b>PROVISIONAL</b> | 4                             | 4                     | 100%            |
| <b>INTERINO</b>    | 6                             | 9                     | 66,7%           |
| <b>SUBSTITUTO</b>  | 0                             | 3                     | 0%              |
| <b>DESPRAZADO</b>  | 0                             | 0                     | 0%              |

Puntuación e nivel de competencia do centro

| Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|--------------------------------------|----------------------|---|---------------------------------|
| 87,6                                 | Integrador/a (B1)    | 76,4  | Integrador/a (B1)               |

Puntuación e nivel de competencia por etapas

|            | Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|------------|--------------------------------------|----------------------|---|---------------------------------|
| <b>ESO</b> | 87,1                                 | Integrador/a (B1)    | 79,7  | Integrador/a (B1)               |
| <b>BAC</b> | 92,6                                 | Integrador/a (B1)    | 78,4  | Integrador/a (B1)               |
| <b>F.P</b> | 85                                   | Integrador/a (B1)    | 71,3  | Integrador/a (B1)               |

Distribución do profesorado por niveis

|              | Total profesorado no nivel de competencia | % de profesorado participante neste nivel |
|--------------|---|---|
| <b>A1</b>    | 1   | 4%  |
| <b>A2</b>    | 7   | 28%                                       |
| <b>B1</b>    | 9   | 36%                                       |
| <b>B2</b>    | 3   | 12%                                       |
| <b>C1</b>    | 4   | 16%                                       |
| <b>C2</b>    | 1   | 4%  |
| <b>TOTAL</b> | 25  | 100,00%                                   |



### 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

| INTERNOS   |                             | FORTALEZAS   | DEBILIDADES  |
|------------|-----------------------------|--|--|
| CATEGORÍAS | INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO | <ul style="list-style-type: none"> <li>- No noso Centro hai acceso a internet para a docencia e aprendizaxe.</li> <li>- Temos apoio técnico dispoñible en caso de problemas con as tecnoloxías dixital.</li> <li>- Hai sistemas electrónicos disposición dos estudantes que o precisen.</li> </ul> | - No Centro non hai sistema de protección de datos.  |
|            | PERSONAL DOCENTE            | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Necesidades de DPC (PFB, BAC e ESO)</li> <li>- Participación no DPC (PFB, BAC e ESO)</li> <li>- Intercambio de experiencias (PFB e ESO)</li> <li>- Oportunidades do DPC (PFB)</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Pensamento computacional.</li> <li>- Traballar cos conceptos e procesos do pensamento computacional como parte da competencia dixital docente.</li> </ul> |
|            | PERSONAL NON DOCENTE        |  |  |
|            | ALUMNADO                    | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Os alumnos aprenden comportarse desde xeito responsable cando esteas en liña.</li> <li>- O alumno aprende comportarse desde modo seguro cando está en liña.</li> <li>- O alumno aprende comunicar usando a tecnoloxía dixital.</li> </ul>                 |  |
|            | FAMILIAS                    |  |  |
|            | OFERTA                      |  |  |
|            | ORGANIZACIÓN DO CENTRO      |  |  |

| EXTERNOS   |                          | OPORTUNIDADES  | AMEAZAS  |
|------------|--------------------------|--|--|
| CATEGORÍAS | ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Dispositivos dixitais para o ensino</li> <li>- Acceso a Internet</li> <li>- Espazos físicos</li> </ul>  |  |
|            | LEXISLACIÓN              |  | - Continuos cambios sen tempo a adaptación   |
|            | CONTORNA                 |  | - Familias en situación precaria pola contorna socioeconómica (risco de fenda dixital) |
|            | ANPA                     | - Colaboradora e con ganas de implicarse en novos proxectos  |  |
|            | OUTRAS ENTIDADES         | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Orientación profesional (PFB)</li> <li>- Participación no Desenvolvemento profesional continuo.</li> <li>- Intercambio de experiencias.</li> <li>- Oportunidades de DPC.</li> </ul> | - Escasa participación das empresas na estratexia (PFB)                                |

### 3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

Contéplase o plan de acción para que se implante ao longo do curso segundo o prioridade de acción necesaria. Neste sentido, durante este curso prestarase especial atención á loita contra a fenda dixital, á formación do profesorado e do alumnado.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

| <b>"Área/s de mellora":</b>   |  |                              |  |                                 |                    |  |
|---|--|------------------------------|--|---------------------------------|--------------------|--|
| <b>9. OBTXECTIVO (1):</b>   | Establecer un protocolo de comunicación polas aulas virtuais |                              |  |                                 | <b>Acadado</b>     |  |
| <b>RESPONSABLE:</b>   | Xefatura de estudos, xefatura de departamento e profesorado  |                              |  |                                 | <b>Non acadado</b> |  |
| <b>INDICADOR/ES DO OBTXECTIVO (2)</b>   | Porcentaxe de materias que utilizan as aulas virtuais        |                              |  |                                 |                    |  |
| <b>Valor de partida (3)</b>   | 30% de uso   |                              |  |                                 |                    |  |
| <b>Valor previsto e data (4)</b>  | 70% de uso   |                              |  | 30/06/2023                      |                    |  |
| <b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>   |  |                              |  |                                 |                    |  |
| <b>DESCRICIÓN (5)</b>   | <b>RESPONSABLES (6)</b>                                      | <b>DATA PREVISTA FIN (7)</b> | <b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>         | <b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>    |                    |  |
|   |  |                              |  | <b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b> | <b>ESTADO (10)</b> |  |
| <b>AO4.1: Formar ao profesorado nos rudimentos básicos de emprego dos foros da AV do centro</b> | Persoa coordinadora TIC                                      | 1/10/2022                    |  |                                 | <b>Realizada</b>   |  |
|   |  |                              |  |                                 | <b>Aprazada</b>    |  |
|   |  |                              |  |                                 | <b>Pendente</b>    |  |
| <b>AO4.2: Crear curso "Comunicación interna" cun foro</b>                                       | Persoa coordinadora TIC                                      | 1/10/2022                    |  |                                 | <b>Realizada</b>   |  |
|   |  |                              |  |                                 | <b>Aprazada</b>    |  |
|   |  |                              |  |                                 | <b>Pendente</b>    |  |
| <b>AO4.3: Dinamizar a participación no foro</b>   | Dirección. Persoa coordinadora TIC                           | 30/6/2023                    | Curso creado na aula virtual do centro |                                 | <b>Realizada</b>   |  |
|   |  |                              |  |                                 | <b>Aprazada</b>    |  |
|   |  |                              |  |                                 | <b>Pendente</b>    |  |

| <b>"Área/s de mellora":</b>  |  |                              |  |                                 |                    |  |
|--|--|------------------------------|--|---------------------------------|--------------------|--|
| <b>10. OBXECTIVO (1):</b>  | Favorecer o intercambio de experiencias, no contexto da transformación dixital dos centros, tanto entre o profesorado do propio centro coma doutros centros de similares características (D3*) |                              |  |                                 | Acadado            |  |
| <b>RESPONSABLE:</b>  | Dirección  |                              |  |                                 | Non acadado        |  |
| <b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>   | Número de experiencias que se intercambiaron durante o curso (Instrumento: Memoria anual)  |                              |  |                                 |                    |  |
| <b>Valor de partida (3)</b>  | 0 experiencias intercambiadas durante o curso 22/23)   |                              |  |                                 |                    |  |
| <b>Valor previsto e data (4)</b>   | 5 experiencias intercambiadas durante o curso 22/23  |                              |  | 20/5/2023                       |                    |  |
| <b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>   |  |                              |  |                                 |                    |  |
| <b>DESCRICIÓN (5)</b>  | <b>RESPONSABLES (6)</b>  | <b>DATA PREVISTA FIN (7)</b> | <b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>   | <b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>    |                    |  |
|  |  |                              |  | <b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b> | <b>ESTADO (10)</b> |  |
| <b>A05.1:: Organizar intercambios de experiencias entre profesorado do centro</b>                        | Dirección  | 20/5/2023                    |  |                                 | Realizada          |  |
|  |  |                              |  |                                 | Aprazada           |  |
|  |  |                              |  |                                 | Pendente           |  |
| <b>A05.2:Pescudar experiencias que se están a levar a cabo noutros centros</b>                           | Dirección  | 20/10/2022                   | Boletíns, webs doutros centros, redes sociais e congresos  |                                 | Realizada          |  |
|  |  |                              |  |                                 | Aprazada           |  |
|  |  |                              |  |                                 | Pendente           |  |
| <b>A05.3:Organizar/ participar/ divulgar intercambios de experiencias de profesorado doutros centros</b> | Dirección  | 20/5/2023                    | Profesorado doutros centros que desenvolva experiencias interesantes e profesorado do centro que estea disposto a coñecerlas |                                 | Realizada          |  |
|  |  |                              |  |                                 | Aprazada           |  |
|  |  |                              |  |                                 | Pendente           |  |

| <b>"Área/s de mellora":</b>   |  |                              |  |                                 |                    |  |
|---|--|------------------------------|--|---------------------------------|--------------------|--|
| <b>11. OBXECTIVO (1):</b>   | Empregar os libros de cualificación en contornas Moodle  |                              |  |                                 | <b>Acadado</b>     |  |
| <b>RESPONSABLE:</b>   | Xefatura de estudos  |                              |  |                                 | <b>Non acadado</b> |  |
| <b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>  | Porcentaxe de cursos nos que se levou a cabo a cualificación de tarefas e probas de avaliación propostas a través da contorna Moodle (Instrumento: cuestionario) |                              |  |                                 |                    |  |
| <b>Valor de partida (3)</b>   | 5% dos cursos da aula virtual  |                              |  |                                 |                    |  |
| <b>Valor previsto e data (4)</b>  | 50% dos cursos da aula virtual   |                              |  | 22/12/ 2022                     |                    |  |
| <b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>   |  |                              |  |                                 |                    |  |
| <b>DESCRICIÓN (5)</b>   | <b>RESPONSABLES (6)</b>  | <b>DATA PREVISTA FIN (7)</b> | <b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>   | <b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>    |                    |  |
|   |  |                              |  | <b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b> | <b>ESTADO (10)</b> |  |
| <b>AO6.1:Formar en avaliación e emprego do libro de cualificacións en cursos Moodle a través dun PFPP</b> | Dirección  | 30/9/22                      | Convocatoria do PFPP   |                                 | <b>Realizada</b>   |  |
|   |  |                              |  |                                 | <b>Aprazada</b>    |  |
|   |  |                              |  |                                 | <b>Pendente</b>    |  |
| <b>AO6.2:Crear categorías e subcategorías para a xestión das cualificacións</b>                           | Profesorado das diferentes materias  | 15/10/22                     | Aula virtual do centro Cursos de cada materia participante e criterios de cualificación destas |                                 | <b>Realizada</b>   |  |
|   |  |                              |  |                                 | <b>Aprazada</b>    |  |
|   |  |                              |  |                                 | <b>Pendente</b>    |  |
| <b>AO6.3: Incluir tarefas e probas nas categorías e subcategorías do libro de cualificacións</b>          | Profesorado das diferentes materias  | 22/12/2022                   | Aula virtual do centro Actividades das materias  |                                 | <b>Realizada</b>   |  |
|   |  |                              |  |                                 | <b>Aprazada</b>    |  |
|   |  |                              |  |                                 | <b>Pendente</b>    |  |
| <b>AO6.4: Cualificar tarefas e probas nas categorías e subcategorías do libro de cualificacións</b>       | Profesorado das diferentes materias  | 22/12/2022                   | Aula virtual do centro e actividades creadas.  |                                 | <b>Realizada</b>   |  |
|   |  |                              |  |                                 | <b>Aprazada</b>    |  |
|   |  |                              |  |                                 | <b>Pendente</b>    |  |

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS "SMART"** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
  - Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
  - Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
  - Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
  - Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

#### ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalzaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento.

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Ante calquera necesidade de mellora do equipamento tecnolóxico do centro, é preciso establecer a finalidade do mesmo. A petición canalizarase a través da UAC e contará co apoio das asesorías abalar de zona.

No noso centro temos as seguintes necesidades recollidas nesta táboa:

| Necesidades          | Portátil | EDI | Proyector | Carro de carga | Mobiliario            |
|----------------------|----------|-----|-----------|----------------|-----------------------|
| 1º ESO A             |          |     |           |                |                       |
| 1º ESO B             |          |     |           |                |                       |
| 2º ESO A             |          |     |           |                |                       |
| 2º ESO B             |          |     |           |                |                       |
| 3º PMAR              |          |     |           |                |                       |
| 3º ESO A             | x        |     |           |                |                       |
| 4º ESO A             |          |     |           |                |                       |
| Desdobre 1           |          |     |           |                |                       |
| PFB Industrias       |          |     |           |                |                       |
| PFB Comercio         |          |     | x         |                |                       |
| 1º Bac A             | x        |     |           |                |                       |
| 1º Bac B             | x        |     |           |                |                       |
| 2º Bac A             | x        |     |           |                | Mesa grande ordenador |
| 2º Bac B             | x        |     |           |                | Mesa grande ordenador |
| Audiovisuais         |          |     |           |                |                       |
| Tecnoloxía           | x        | x   |           |                |                       |
| Laboratoire ciencias | x        | x   |           |                |                       |
| Laboratoire idiomas  |          |     |           |                |                       |
| Plástica             | x        | x   |           |                |                       |
| Informática 1        |          |     |           |                |                       |
| Informática 2        |          |     |           |                |                       |
| Comedor              | x        |     | x         |                |                       |

Temos solicitado o mantemento preventivo dos ordenadores Edixgal a UAC.

#### 4. Avaliación do plan

Cada unha das actuacións propostas neste plan conta con indicadores específicos que lle axudarán determinar se se conseguiu o obxectivo proposto e se é necesario realizar modificacións na plantexamento destas accións durante o curso para que as propostas se materialicen.

Coa análise destes indicadores, elaborárase un informe final de avaliación no que os resultados, os aspectos negativos, os positivos e as propostas de mellora para cursos posteriores.

#### 5. Difusión do plan dixital

Este documento será aprobado polo Claustro de Profesorado o 7/11/2023 e polo Consello Escolar o 8/11/2023.

Daráselle difusión na páxina web do centro e en Secretaría haberá un exemplar impreso a disposición da comunidade educativa.

Calquera variación parcial dos contidos deste documento será tratada nos órganos competentes para a súa posterior modificación e irá recollida nas correspondentes programacións xerais anuais.

A revisión deste documento será realizada nos prazos e formas que sinala a normativa vixente.